

FESTIVAL NOROESTE
ESTRELLA GALICIA

www.festivalnoroeste.com
#SOMSNOROESTE



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



ORGANIZA

Concello da Coruña

COLABORAN

Estrella Galicia

Cuac FM

Nave 1839

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación Integral

Luisa Castiñeira e Cristina Álvarez Cañas

620 113 155 - 653 220 466

prensa@festivalnoroeste.com

Descarga do Press Kit do Festival Noroeste Estrella Galicia 2016:


Disponible na web www.festivalnoroeste.com.



AVANCE DO **30 FESTIVAL NOROESTE** ESTRELLA GALICIA DO 2 AO 7 DE AGOSTO - A CORUÑA

Trinta anos de directos. Máis de 170 horas de concertos. Cerca de 200 artistas e bandas programadas. Máis de 70.000 espectadores en cada edición.

Tres décadas de música ao aire libre. En 2016 celebramos o 30 aniversario del Festival Noroeste Estrella Galicia da Coruña. Case nada.




Como cada ano, a cidade da Coruña transformarase no mes de agosto para acoller unha nova edición do Festival Noroeste Estrella Galicia. Unha cita musical única en España, que ofrece un programa atractivo de concertos gratuítos ao aire libre e que cada ano reúne unha media de 70.000 persoas. Considerado como un dos eventos musicais máis imprescindibles do verán no norte peninsular, o Noroeste está organizado polo Concello da Coruña e desde este ano contará coa colaboración especial de Estrella Galicia.

Nesta 30 edición, o festival quere promover unha cultura de proximidade, experiencial, sostible e de vangarda. Contemporánea e vibrante como a nosa cidade. Polo seu 30 aniversario,

o Noroeste perde definitivamente o seu apelido Pop-Rock, un descriptor que fica curto á hora de definir a diversidade, a calidade e a riqueza dos sons que os espectadores poderán gozar un ano máis. Cun cartel atractivo e ecléctico, no Festival Noroeste Estrella Galicia 2016 terán cabida máis de medio centenar de concertos gratuítos de figuras de culto da escena internacional, que compartirán escenario con novas promesas e nomes consagrados da escena local e estatal.


Na 30 edición do Festival Noroeste Estrella Galicia non faltarán voces femininas que pisan forte en escenarios de toda España (como Aries ou Carmen Boza); míticos grupos que teñen feito vibrar diferentes xeracións (Sex Museum e The Capaces); *nenos*



bonitos da escena contemporánea europea e americana, cuxos sons e voces trasladan o público a novas dimensións grazas aos seus maravillosos directos (falamos do barbudo *british* Neil Halstead, o inclasificable vaqueiro norteamericano Howe Gelb ou a grande estrela nórdica Ane Brun); bandas e artistas locais que dotan de calidade a escena galega e que deixan a pel en cada concerto (Pardo, MØURΔ ou Pablo Seijas); sons experimentais de artistas tan inclasificables como El Niño de Elche ou CaboSanRoque; experiencias para todos os públicos a cargo de bandas como Os Amigos dos Músicos e Los Plutones; a psicodelia de Melange ou Linda Guilala e o rock máis metaleiro da man de bandas como SraSrSra ou Niña Coyote eta Chico

Tornado. Ademais, en 2016, o Festival Noroeste programarase tamén en domingo. Será unha sesión moi especial, con concertos para todos os públicos que se estenderán entre as 12 e as 20 horas.

Música e arquitectura dialogarán na Coruña para deseñar un mapa de sons moi especial, con concertos durante seis días en nove escenarios da cidade. E é que, se algo ten o Noroeste, ademais dos seus concertos gratuítos e a súa gran programación musical, é o marco incomparable onde teñen lugar os seus directos: unha praia bañada polas ondas do Atlántico, atrios e patios de museos que se renden á experimentación, prazas carismáticas de acolledora pedra galega...



30 ANIVERSARIO FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA

Agora, en 2016, dámoslle unha nova volta de porca ao Festival Noroeste Estrella Galicia, para lograr:

_Unha oferta musical mellor e máis ecléctica: haberá máis días de directos, máis espazos para acoller os concertos e máis bandas e artistas participantes.

_Un festival de dimensión maior e diverso: que servirá como estandarte e reflexo dunha cidade máis avanzada, contemporánea e aberta.

_Actuacións de calidade: a boa música, sexa do estilo que sexa, será o denominador común do festival.

CALIDADE, DIVERSIDADE, CONTEMPORANEIDADE


Seguindo a estela aberta en 2015, o Festival Noroeste Estrella Galicia continúa crecendo en calidade e diversidade. E sempre de dimensión maior, axustándose a un orzamento realista e eficaz. A 30 edición do Noroeste ábrese a novos públicos e desexa

atender as demandas dos amantes dos xéneros e estilos musicais máis ricos e eclécticos. No Noroeste 2016 teñen cabida bandas pequenas, medianas e grandes, locais, estatais e internacionais, que demostraron que teñen moito que dicir nos escenarios.

Un ano máis, o festival inundará de música todos os recunchos dunha cidade bañada polo Atlántico, con actuacións en nove escenarios diferentes, onde gozar en directo dos sons máis diversos: pop, rock, folk contemporáneo, psicodelia, reminiscencias *sixties*, funk, sons étnicos, flamenco experimental, electrónica minimalista, *country* alternativo, *shoegazing*, punk, rock progresivo, garaxe, *rockabilly*, indie, punk ou, mesmo, o *hardcore* máis salvaxe. Un ano máis, e xa van 30, a cidade transfórmase durante seis días da man do Festival Noroeste, que se consolida, ademais, como un reclamo turismo atractivo e de calidade.

#SOMOSNOROESTE

Do 2 ao 7 de agosto, vive o festival!



TRINTA ANOS DE FESTIVAL


Corrían os anos 80 e a cidade da Coruña era un fervedoiro de bandas de música con gana de desagarrar os seus sons -de carácter fundamentalmente roqueiro- enriba dos escenarios. Foi entón, no ano 1986, cando se celebrou a primeira edición do Festival Noroeste, coa idea de que as bandas coruñesas (entre as que destacaban nomes como Dramáticos e Radio Océano) compartisen cartel con recoñecidos conxuntos do panorama nacional (como Burning ou Siniestro Total). A aquela primeira edición do festival, celebrada no Pavillón de Deportes de Riazor, asistiron máis de 30.000 persoas.

O éxito sentou precedentes e o Concello da Coruña decidiu repetir a cita ao ano seguinte, facendo de novo gala sobre as táboas dese acertado cóctel de grupos locais e nacionais. Los Ronaldos foron unha das grandes estrelas daquela segunda edición. En 1988, o Noroeste trasládase á Praza de María Pita, con Luz Casal como cabeza de cartel. Foi no ano 1989 cando o festival se asenta no areal de Riazor, ao ritmo de conxuntos coma Danza Invisible, Modestia Aparte e La Unión.

Edición a edición, o Noroeste foi medrando en adeptos e relevancia. O seu cartel abriuse tamén ás estrelas internacionais

e chegou a reunir na praia máis de 100.000 persoas por concerto. Ano tras ano, polos seus escenarios pasaron bandas e artistas do talle de The Cure, Bob Geldof, Status Quo, Joe Cocker, The Hives, Paul Weller, Suede, Mika... E tamén Hombres G, Los Suaves, Pereza, Josele Santiago, Kiko Veneno, M-Clan, Nacha Pop, Leiva, Love of Lesbian ou Xoel López, que repetiu en tres ocasións, a primeira, como abreconcertos como Deluxe aos Waterboys.

A pasada edición, en 2015, o Concello da Coruña dálle unha volta ao festival, implicando programadores e músicos da cidade, deseñando un Noroeste cunha liña de programación ben definida, aberta, de dimensión maior e na que priman os sons de calidade, contemporáneos e diversos. Entre as súas cabezas de cartel soaron nomes coma Mando Diao, León Benavente, Los Planetas, Sidonie ou Coque Malla. En 2016, o Festival Noroeste Estrella Galicia volverá ás pistas coa intención de ofrecer unha programación que ninguén queira perder. Con máis días, máis música, máis bandas, algúns concertos íntimos e outros multitudinarios, escoitando o que pide cada son, cada concerto, cada banda. E, todo isto, nun marco arquitectónico incomparable, sempre baixo a atenta mirada do mar Atlántico.



O FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA 2016 EN CIFRAS

- _ 30 anos de historia.
- _ Máis de 60 bandas e artistas.
- _ Máis de 100 horas de música en vivo.
- _ 6 días de concertos gratuítos.
- _ 9 escenarios urbanos.

ALGÚNS XÉNEROS E ESTILOS MUSICAIS QUE PODERÁN VERSE NO FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA 2016

Pop, rock, folk contemporáneo, psicodelia, reminiscencias sixties, funk, sons étnicos, flamenco experimental, electrónica minimalista, country alternativo, shoegazing, punk, rock progresivo, garaxe, rockabilly, indie, punk ou, mesmo, o hardcore máis salvaxe. E moito máis.

ESPAZOS DO FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA 2016

Praia de Riazor

(Avenida Pedro Barrié de la Maza, 15003 - A Coruña)

Castelo de Santo Antón

(Paseo Alcalde Francisco Vázquez - 15001 - A Coruña)

Praza de San Nicolás

(Praza de San Nicolás, 15001- A Coruña)

Praza das Bárbaras

(Praza das Bárbaras, 15001 - A Coruña)

Igrexa das Capuchinas

(Rúa Panadeiras, 40, 15001 - A Coruña)

Fundación Luís Seoane

(Rúa San Francisco, 27, 15001 - A Coruña)

Casa Museo Casares Quiroga

(Rúa Panadeiras, 12, 15001 - A Coruña)

Parque do Paseo das Pontes


(Paseo das Pontes, 15005 - A Coruña)

Campo da Leña

(Campo da Leña, 15001 - A Coruña)

O APOIO DE ESTRELLA GALICIA

O convencemento mutuo de que é necesario impulsar a cultura non só desde o ámbito público, mais tamén desde o privado, para crecer e establecer sinerxías de colaboración cun obxectivo común, deseñar a Coruña aberta do presente e do futuro, o Concello da Coruña e Estrella Galicia firmaron un convenio institucional relativo á programación cultural que se poderá vivir e gozar na cidade durante os próximos tres anos e que ten como máximo expoñente o Festival Noroeste. Este acordo é froito do firme convencemento común de que a cultura -e o Noroeste como o seu estandarte- é a ferramenta imprescindible para definir e impulsar unha cidade cada vez máis



viva, cosmopolita e avanzada. Trátase dun compromiso de futuro, que cre no gran potencial simbólico e estratéxico que posúe unha cita única coma o Noroeste, e que é froito da excelente relación que o Concello mantén cunha das empresas máis representativas, responsables e queridas de Galicia.

O CONCURSO DE BANDAS E SOLISTAS LOCAIS DE CUAC FM

Dentro do marco do Festival Noroeste 2016, o Concello da Coruña firmou un acordo de colaboración con Cuac FM, relativo ao seu XVIII Concurso de Bandas e Solistas convocado o pasado mes de maio, que a emisora colectiva impulsa un ano máis co obxectivo de fomentar a cultura musical da nosa contorna e outorgarlle así un valor engadido á música local. As propostas, de acordo ás bases de participación, poderán enviarse até o 15 de xuño de 2016. Grazas á colaboración de Cuac FM co Concello, establécese un premio especial nesta XVIII edición do Concurso de Bandas e Solistas. A recompensa consistirá nunha actuación no Festival Noroeste 2016, cunha remuneración económica de 600 euros. Para iso, serán seleccionadas as tres bandas ou solistas de Galicia que obtiveren máis puntuación nas votacións do xurado, sendo obrigatorio que unha delas sexa da Coruña (polo menos, a metade dos seus

integrantes deberá estar empadroado na cidade). A listaxe de bandas gañadoras farase pública con data límite o día 10 de xullo de 2016.

MOI PRONTO...

Na páxina web www.festivalnoroeste.com e nas redes sociais oficiais do Noroeste iranse comunicando en primicia as novas confirmacións do festival. O escenario da praia, onde tocará o cabeza de cartel de 2016, coñecerase de aquí a só unhas semanas. O cartel de bandas e artistas participantes nesta 30 edición ficará totalmente fechado co fallo das bandas gañadoras do concurso de Cuac FM, que será comunicado o próximo 10 de xullo de 2016.

Síguenos en Facebook, Twitter, Instagram, Spotify e YouTube para descubrir de primeira man todo o que necesitas saber sobre o festival e, do 2 ao 7 de agosto, vive o Noroeste 2016 na Coruña!

AVANCE DAS BANDAS E ARTISTAS DO FESTIVAL NOROESTE ESTRELLA GALICIA 2016

Agoraphobia



Desde Boiro (A Coruña) chega Agoraphobia ao Festival Noroeste. Tras gañar o concurso *Vodafone Yu Music Talent* do 2014, este quinteto feminino experimentou unha traxectoria ascendente, ata converterse nunha das bandas emerxentes do panorama rock en Galicia. O seu primeiro EP *Dirty Little Things* levoulles a realizar unha xira nacional xunto a Delorean e Lori Meyers entre outros, e a saltar o Atlántico ata Texas (EE.UU.), ao festival *South by Southwest*. Recentemente, e grazas a unha campaña de *crowdfunding*, sacaron ao mercado *Ready to Play*, un novo EP que da continuidade aos seus ritmos garaxeiros, con guitarras sinxelas e directas, e un son limpo e complexo que fai que a dozura da voz de Susana soe máis guerreira que nunca. Calidade e talento no escenario dun Noroeste completamente aberto, e paradoxicamente pouco recomendable para agorafóbicos.

Ane Brun



Ane Brun é unha das artistas máis aplaudidas e premiadas da música alternativa do Norte de Europa dos últimos tempos. Nacida en Molde (Noruega) en 1976, aínda que afincada en Suecia desde 2001, onde é considerada toda unha estrela, a súa carreira engalou a finais dos 90 cantando nas rúas dunha Barcelona postolímpica e de Donostia, tocando cancións de Ben Harper, Ani Difranco ou PJ Harvey. Con máis de 10 discos publicados, no seu haber non faltan nin xiras europeas de éxito nin colaboracións con grandes artistas internacionais, como Peter Gabriel, Björk, José González ou Nico Muhly. A defensa feminista resoa forte nalgúns dos seus temas. Brun defínese a si mesma como “racional, analítica e resolutiva”. Posúe o seu propio selo discográfico, Balloon Ranger Recordings, co que publica cada un dos seus novos traballos.“Para min, é moi importante ser a miña propia xefa. Ninguén máis pode dicirme cómo debe ser o meu son ou como debo organizar o meu tempo”. contáballe nunha entrevista ao *Telegraph*. Brun considérase “unha *performer* máis que unha cantautora”. A súa voz inconfundible rexistrou unha das mellores versións do xa clásico *Don’t Give Up*. A súa música, unha mestura de *neo-folk* que elude o purismo, ten sido comparada coa de artistas do talle de Björk ou Joni Mitchell. Doce e imprevisible, crea cancións intimistas de arranxos expansivos, onde brillan as orquestracións e as harmonías vocais. Brun é admiradora de artistas tan diferentes coma Cyndi Lauper ou Ron Sexsmith, aínda que creceu impregnándose de jazz e música clásica. Os seus directos deixáronse ver moi pouco polos escenarios españois, polo que a súa presenza no Festival Noroeste é todo un notición para os amantes deses sons suaves, melancólicos e orixinais que a artista acredita. E é que, ao escoitala, non cabe dúbida de que Ane Brun é unha das mellores e máis sedosas voces da escena folk contemporánea.

Aries



Un pop alegre e hipnótico é o selo de identidade de Aries, o alter ego de Isabel Fernández Reviriego. A que fora guitarrista, voz e compositora de Charades e Electrobikinis volve dar guerra a golpe de psicodelia desmedida e voces cuádruplas co seu novo proxecto musical. Sen acomodarse en marcas estilísticas predeterminadas e sempre acompañada pola súa caixa de ritmos, a súa Rickenbakers e algunha que outra ferramenta dispar, a bilbaína coquetea coa experimentación e os sons sixties, tecendo harmonías radiantes sen caer no melindroso. Actualmente establecida a cabalo entre Vigo e Madrid, aínda que sempre de incansable xira por locais de todo o país, Aries acaba de publicar o pasado mes de abril o disco *Adieu or Die* xunto ao selo La Castanya, que o crítico de música Marc Balfagón destacou como “unha pequena obra mestra de artesanía pop que entrelaza tradicións musicais clásicas e modernas cunha soltura e un frescor difíciles de atopar”.

Brais Morán



Tres lustros de profesión e oficio avalan este músico e autor coruñés que escribe e interpreta as súas propias cancións. Despois de ser a cabeza visible da banda funk Loretta Martin, onde exercía de vocalista e guitarrista, e de tamén pasar polo grupo Jamiros de Monte Alto, Brais Morán decidiu dar un paso á fronte. O pasado inverno presentouse por primeira vez en solitario acompañado dun traballo -moito máis persoal e con temas en galego- chamado *Cruzando o eclipse*. Unha carta de presentación a modo de declaración de intencións -o primeiro *single* titúlase En paz-, onde, á parte de escribir todos os temas baseándose na súa experiencia vital ligada á Costa da Morte e á Galicia actual, puxo melodía a un poema de Rosalía de Castro. Música de base pop-rock que non desdeña chiscar o ollo ao funk, á raíz folk ou aos sons étnicos, todo iso baixo a atenta mirada dos seus admirados Crosby, Stills, Nash & Young. Unha nova etapa onde ademais o acompañan en directo os músicos Manu Seoane (guitarra eléctrica), Miguel Queixas (batería) e Denis Morán (baixo eléctrico).

CaboSanRoque



CaboSanRoque manipula obxectos sobre o escenario para revelar a súa personalidade sonora e convertelos en instrumentos. Da man de Laia Torrents (teclados) e Roger Aixut (guitarra e saxo), os elementos máis estraños, xa sexa unha máquina de escribir, un peite ou unha lata de insecticida, transcenden a súa natureza anódina e puramente funcional para transformarse ante os ollos atónitos do público nunha tecnoloxía musical nova e singular.

O de CaboSanRoque é un son cativador e avanzado que o colectivo activa en escena xunto a unha prodixiosa máquina artesanal, bautizada baixo o nome dun famoso trabalinguas infantil, Tres Tristos Trons (Tres Tristes Truenos). Os seus resortes, cabos hidráulicos, tensores, cavillas e pancas envolven en directo este *power duo* barcelonés, cuxa música, puro enxeño mecánico e experimental, poderá verse, entre outros, no prestixioso Sónar barcelonés antes de aterrar en agosto no Festival Noroeste da Coruña.

Carmen Boza



En plena era de Internet, a gaditana Carmen Boza (La Línea de la Concepción, 1987) conseguiu facer un oco para si no mundo da música unicamente co seu talento e as ferramentas dixitais. Desde que en 2009 comezou a subir cancións a YouTube e encheu pequenas salas en Madrid sen ningunha promoción, a súa traxectoria situouse como unha das máis prometedoras da música nacional. Lonxe fica aquela rapaza que con 15 anos colleu por primeira vez unha guitarra e quería emular a Avril Lavigne. Hoxe escoita a John Mayer, Radiohead, Maga, Piratas ou Jorge Drexler, e cataloga o seu estilo de “rock acústico elegante”. O seu maior logro: conseguir que o seu primeiro disco, *La mansión de los espejos*, fora financiado en tan só oito horas a través dunha campaña de micromecenado. Agora xa, tutelada por Warner e cunha lección de seguidores que crece cada día, Boza non deixa pasar ningunha oportunidade de presentar en directo estes quince temas para chegar cada día a máis xente antes de pórse a traballar no seu segundo álbum.

El Niño de Elche



A rama experimental do flamenco ten en El Niño de Elche o seu embaixador máis visible e aclamado dos últimos tempos. Francisco Contreras, nacido en 1985 na localidade alacantina de Elx e residente en Sevilla, logrou acaparar a atención da crítica especializada conseguindo situar o seu disco Voces del extremo (2015) como o mellor do ano para medios como *El País* ou *Rockdelux*. Porén, a súa traxectoria remóntase a case unha década, coa edición de *Mis primeros llantos* (2007), ao que seguiron outros proxectos tan dispares como o espectáculo VaconBacon, cantar las fuerzas, sobre o artista plástico Francis Bacon, ou os personalísimos traballos discográficos *Sí, a Miguel Hernández* (2013) e *Las malditas órdenes del coronel* (2013), xunto ao grupo de improvisación SEIDAGASA. Interesado en mostrar un flamenco do século XXI plural, intenso e descontextualizado, este verdadeiro catalizador de sons rock, electrónicos e minimalistas asegura sentir a mesma devoción por Antony & The Johnsons ou Kraftwerk que por Fátima Miranda, Diamanda Galas ou Metálica. No escenario, o *cantaor* mestúrase co autor *performance*, deixando vía libre á poesía e á improvisación. Unha experiencia paroxística que, segundo o seu creador, procura o equilibrio entre o físico e o sonoro.

Howe Gelb



Catalogado como un dos padriños do *country* alternativo nos 80 e 90, Howe Gelb ten todas as bazas para se converter nun auténtico mito. Afincado en Tucson (Arizona), durante a súa incansable e prolífica carreira ten compartido escenario e estudo con grandes como Raimundo Amador, Steve Wynn, Evan Dando, Steve Shelley (de Sonic Youth), Will Oldham, Neko Case, M. Ward ou Isobel Campbell. A súa traxectoria corre paralela a ese conxunto norteamericano mítico coñecido como Gigant Sand, onde Gelb ten colaborado con músicos superlativos como o malogrado Rainer Ptacek, Chris Cacavas (Green On Red) ou John Convertino e Joey Burns (que despois formarían Calexico), e que ten contado ademais con convidados do talle de PJ Harvey, Juliana Hatfield ou Vic Chesnuttcon. Con Gigant Sand, o veterano de Arizona lanzou cerca de trinta discos, mentres que, en solitario, os seus álbums publicados -entre eles, o seu último traballo, *The Coincidentalist* (2013)- superan xa a vintena. Non contento con isto, Gelb ten impulsado ademais outros proxectos de conxunto, coma OP8, a superbanda The Band of Blacky Ranchette e Arizona Amp and Alternator. Este verán, o carismático cabaleiro do sur dos Estados Unidos fará gala do seu fenomenal rock de raíces americanas no Festival Noroeste.

Linda Guilala



Apaixonados incondicionais do cinema xaponés de ciencia ficción dos 60 e 70, Iván e Eva sempre quixeron que o espazo, os ovnis e os universos paralelos servisen de inspiración para trazar os seus novos camiños cando a súa banda orixinal, Juniper Moon, se separou en 2005. E así xurdiu o nome desta nova aventura musical, Guilala -“Girara” en xaponés-, unha especie de paxaro xigante con tres antenas chegado desde Marte no filme de culto *The X from Outer Space* (1967). Os fans deste novo proxecto eléctrico e enérxico, onde se fan evidentes as influencias de grupos *shoegazing* coma Ride, My Bloody Valentine ou The Jesus & Mary Chain, foron subindo como a espuma até que, en 2009, Linda Guilala edita o seu primeiro disco, *Bucles infinitos*, a golpe de sons cósmicos e guitarras ruidosas. En 2011 publica o seu EP Paranormal, no que se intúen influencias cinematográficas de xénero fantástico e de terror e, xa en 2014, lanza *Xeristar*. Moi pronto, en xuño de 2016, verá a luz o seu segundo álbum, unha viaxe de novo sónica, emocional e alucinóxena, titulado *Psiconáutica*. Sobre o escenario do Festival Noroeste demostrarán como a súa música se mantén fiel ao seu estilo punk, o seu espírito pop e a súa predilección polo ruído e a distorsión.

Los Plutones



Unha divertida e enxeñosa proposta musical de base rockeira para gozar en familia. Tal é a aposta deste xenuíno trío de orixe coruñesa, integrado polos músicos Félix Arias (guitarra e voz), Samuel Pérez (batería) e Alberto Villarroja (baixo e voz). O desexo de Los Plutones é o de descubrilrle ao público infantil a música dos grandes clásicos do rock internacional, mentres os maiores gozan revivindo esas cancións míticas que marcaron tantas e tantas xeracións. Ao tocaren, Los Plutones narran ademais historias que serven como fío condutor para presentar cada un dos seus temas. Con elas, o grupo logra que os espectadores interactúen con el e se convertan en auténticos protagonistas do espectáculo. Está claro que o seu é redescubrir ante todos os públicos as mellores pistas da historia do rock como nunca antes nolas presentaran.

Melange



A difícil tarefa de definir o universo sonoro de Melange quizais sexa a súa maior virtude. Un reto a priori *intellectomusical* que deriva, en cambio, nun acto de pura atracción e gozo. Congregados ao redor dunha ampla variedade de proxectos pasados da escena máis underground, esta banda de recente aparición nacida en Madrid conta con Daniel Fernández (Magic Bus, Los Imposibles, Lüger) ao baixo, sitar e voz; Miguel Rosón (Bucles, Novak) á guitarra e á voz; Adrián Ceballos (RIP KC, Mohama Saz, Los Cuantos) á batería, e Mario Zamora (Reserva Espiritual de Occidente, Cachalote, Tus Hijas, Lüger) aos teclados. O seu primeiro traballo é un disco homónimo -con edición limitada en vinilo de 500 copias- que terminaron de gravar a finais do ano pasado; e xa neste 2016 está en boca de todos como unha das grandes sorpresas da temporada. A psicodelia, a tradición folk, o rock progresivo e os ecos daqueles primeiros grupos que introduciron a mestura deses ritmos no noso país (como os *segundos* Brincos de Fernando Arbex e o seu *Mundo, demonio y carne* -1970-) planean sen pudor sobre as súas cabezas. O desafío do seu directo reside en deixarse levar pola viaxe lisérxica.

MØURA



Toda pista sobre MØURA resulta aínda un misterio. Comezando polo nome, que remite a unha das

criaturas mitolóxicas de orixe prerromana máis fascinantes do folclore galego. Fonte de numerosas lendas, a MØURA posúe poderes sobrenaturais e inspírase en melodías psicodélicas e ritmos tribais doutros tempos. Peitea o seu cabelo louro e negro ao mesmo tempo emulando a dualidade do comezo do universo. A mesma dicotomía que na súa música -inspirada na psicodelia, o *heavy-psych* dos 70, o *kraut-rock* e o folk inglés de finais dos 60 e principios dos 70- defende esta banda coruñesa de nova aparición, aínda que con vellos coñecidos. Diego Veiga, voz e guitarra (Lüger, One Of These Days & THRTCLab), Hugo Santeiro, guitarra e voz (Ictus, Guerrera), Pedro Alberte, baixo e voz (Saharah, Julius), Fernando Vilaboy, órgano Hammond e sintetizadores (Elephant Band, Fogbound, One Of These Days & THRTCLab) e Gonzalo Casal, batería, percusións e voz (Saharah, Julius), integran o quinteto. O seu debut oficial sobre os escenarios remóntase á clausura do pasado Festival de Cinema Fantástico da Coruña, en novembro de 2015, polo que o seu concerto no Noroeste será un succulento aperitivo antes de gravar as súas primeiras cancións.

Neil Halstead



Un dos cantautores británicos máis respectados da escena musical internacional aterrará este verán na

Coruña para presentar o seu hipnotizador son folk no escenario máis singular do Festival Noroeste, o Castelo de Santo Antón. Líder de dúas bandas de culto na década dos 90, primeiro Slowdive e despois Mojave 3, das que foi cantante e compositor, Neil Halstead publicou o seu álbum debut en solitario, *Sleeping Roads*, no ano 2002. En 2008 chegou o seu segundo traballo, *Oh! Mighty Engine*, e, en 2012, o terceiro, *Palindrome Hunches*. Guitarra acústica, voz, contrabaixo, violín e piano son as ferramentas sinxelas que lle dan forma aos seus discos en solitario, eloxiados pola crítica como sobresaíntes e intimistas. Sutileza, inxenuidade, profundidade e tenrura. Tales son os adxectivos que veñen á nosa mente ao pensar neste ex *shoegazer* de barba salvaxe que, na súa estupenda corentena, se instalou no formato acústico. Nunha das súas visitas a Madrid, tralo concerto que ofreceu na mítica Sala Siroco en 2013, o cronista de *El Mundo* Quico Alsedo eloxiaba así a súa posta en escena: “Halstead abriu a boca, enfilou a senda dese folk hipnotizador e ‘de profundis’, tocado polos fados, e parou o tempo un momentíño”. Noutro dos seus concertos españois, cando Halstead fixo seu o disco *The Velvet Underground & Nico*, Fernado Neira de *El País* apuntaba: “É un vocalista curtido, experimentado; con pouso e matices”. No Noroeste, Halstead fará gala unha vez máis da súa voz cálida e borboriñará para elevar o público de Santo Antón coa súa música acolledora, intelixente, amable e bela.

Niña Coyote eta Chico Tornado



Sonidos stoner e rock duro serven como carta de presentación deste tándem de orixe vasca que no mes de agosto fará tremar cos seus contundentes e escuros acordes os cimentos do Festival Noroeste coruñés. Ursula Strong (batería) e Koldo Soret (guitarra, oitavador e voz) presentaron en 2013 o seu primeiro álbum, *Niña Coyote eta Chico Tornado*, co que non deixaron de xirar polos escenarios de toda España, Europa e, mesmo, Estados Unidos. Entre as súas influencias musicais cítanse formacións coma Kyuss, Fumanchu, Black Sabbath ou Rage Against The Machine. Tralo seu álbum debut, a banda de Donostia publicou en 2015 o EP *Lainoland* e moi pronto sairá á rúa o seu terceiro traballo, *Eate*, do que aínda se descoñece a data de lanzamento. *Mondo Sonoro* dixo sobre eles que “é sobre todo en directo onde o dúo demostrou ser unha proposta sólida e contundente”. O público do Noroeste poderá comprobar en vivo o ben que lle senta a esta parella de músicos tanto os seus temas propios como as versións de pistas tan míticas como *Gimme Danger*, de Iggy Pop & The Stooges.

Os Amigos dos Músicos



Os sons folk danlle sentido a esta inclasificable banda galega que até a data publicou un total de catro traballos, sempre interpretados na súa lingua materna: Osaka (2010), *Meu único amigo* (2012), *Miña Irmá Fermosa* (2014) e *Alalá ao sol* (2015). Os Amigos dos Músicos souberon combinar como nunca antes se fixera elementos do folk e do rock anglosaxón coa tradición musical galega, sexa da época que sexa. Bo exemplo diso é a súa sobresainte reinterpretación da cantiga de Martín Códax *Miña irmá fermosa*. A súa música é o resultado de centos de horas de ensaios, de conversas con amigos e de paseos influídos pola pedra agrisada de Ourense, a súa cidade de orixe. Os seus momentos compartidos de emocións e concertos -habitualmente, no Café Pop Torgal ourensán, cuartel xeral da formación- cristalizáronse no seu característico son, actual e imperecedoiro, completamente alleo ás modas pasaxeiras que cada día nos asexan.

Pablo Seijas



O líder da banda coruñesa *Misterioso Viaje a Holanda*, xunto á cal lle puxo letra e voz aos discos *Nunca Taxi* (2010) e *MVH* (2014) e ao *single Cocina y Jardín* (2011), iniciou en 2013 -en paralelo ao seu traballo co grupo- unha prometedora carreira en solitario co lanzamento dun primeiro álbum autoeditado, *Para brillar*. Pablo Seijas é un dos máximos expoñentes da escena independente coruñesa dos últimos tempos. As súas composicións en solitario, íntimas e introspectivas, perderon parte daquel compoñente electrónico e alternativo do que fai gala a súa formación pop. Nesta nova etapa, Seijas déixase levar pola reflexión e a psicoloxía, para afrontar unha

viaxe interior de talante folk-pop no que resoan ecos de Bob Dylan, Paul McCartney e os Beatles. No Noroeste presentarase en formato acústico disposto a compartir co público a súa vea máis intimista grazas a cancións como *Yo, Me da igual* ou *Yo lo digo así*.

Pardo



No ano 2013, este coruñés de brazos tatuados e voz quebrada e profunda inicia a súa carreira en solitario. Atrás ficaban os grupos de corte *rockabilly* The Loveless Cousins, que Néstor Pardo fundara en 2004 cando apenas contaba con 19 anos, e a banda de *R&B* e *swing* The Allnight Workers, coa que xirou durante tres anos por festivais de renome en toda Europa xunto ao músico Roi Fontoira. En 2012, de volta na súa cidade natal, A Coruña, Néstor comeza a tocar como músico de sesión para formacións como Northwest Pickers, The Hot Chocolates, Dixie Lovers, The Honky Tonkin Boozers, Rockers Go To Hell... Desde 2013, libre de etiquetas e prexuizos e xa baixo o nome de Pardo, publica o seu primeiro disco, *Waitin' To the Other Side*. O traballo inclúe once cortes de composición propia e unha celebrada versión do *Everybody's Talking*, de Harry Nilson. Xunto aos músicos Miguel Martínez (contrabaixo) e Adrián Seijas (batería), Pardo lánzase á estrada para presentar o álbum de xira por todo o País. O seu segundo traballo viu a luz en xaneiro de 2015 baixo o título de *Let It Stay*. Ese mesmo ano, dá o salto á gran pantalla, no programa *La Voz* de Telecinco. A principios de 2016 chega *Siento no haber sido lo esperado*, o seu último disco, onde electrifica a súa banda (Miguel Martínez ao contrabaixo, Alberto Dopico á batería e Alejandro González ao piano)

e canta as súas composicións -de novo, propias- en español. O Festival Noroeste será testemuño en agosto desa sorte de rock total que interpreta, influenciado polo folk e as súas orixes *rockabillys*.

Sex Museum



Máis de tres décadas no lado salvaxe. Máis de media vida entregados ao rock, Sex Museum é, sen dúbida, unha das bandas imprescindibles da historia musical madrileña e española. Cando corría o ano 1985, sendo aínda menores de idade, daban os seus primeiros pasos entregados a un son garaxeiro e cru como contrapunto salvaxe da Nova Onda madrileña que por entón mandaba na capital. Se algo ten caracterizado a Sex Museum é a súa gana de tocar en directo e de vivir a súa aventura musical e vital como unha *road movie*. No seu haber cóntanse 13 discos, ducias de xiras por Europa, miles de concertos, 10 vídeos, dous elepés en directo, outro compartido e 11 singles, ademais de teren participado noutro bo montón de recompilacións e de teren posto a súa música a bandas sonoras, sintonías ou cabeceiras de series. Xurdidos do *underground* malasañeiro, Sex Museum soubo evolucionar e sobrevivir desde os 80 até os nosos días dentro da escena independente española cun estilo artístico persoal e único, a cabalo entre o garaxe e o *hard-rock* máis psicodélico. E fixérono apoiándose nos seus directos, lanzándose á estrada e facendo da música unha filosofía e unha auténtica forma de vida. Xunto ao núcleo duro formado por Marta Ruiz e os irmáns Miguel e Fernando Pardo, a banda actual

de Sex Museum complétana o batería Roberto Lozano “Loza” e o baixista Javi Vacas. Eles danlle forma a toda unha institución musical que este verán recalará co seu potente directo no Festival Noroeste.

SraSrSra



SraSrSra só necesitan un minuto en cada canción para dicir o que pensan. E unha guitarra e unha batería. Sen pudor nin pelos na lingua. O dúo coruñés fai gala do seu minimalismo punk -comprimido, feroz e incisivo- desde os seus inicios, en 2010. Por entón unha demo permitiulles saír á superficie para recibir o aplauso local. Nas súas filas, dos *culos inquietos*: Rubén Muñoz (Zippo), guitarrista e parte do Triángulo de Amor Bizarro, e Víctor Pose, batería e voces, ademais de militante en Leroy y Los Masoquistas e Lulú y Los Caníbales. Ambos coincidiron en Submutantes, para *mutaren* logo eles e independizarse. Dos LP até a data: *Puchao* (2012) -que incluía catro temas novos máis o compendio depurado daquela primeira maqueta e a seguinte, *Baboom* (2010)- e *Magia* de muerte (2014). En todos, a mesma reacción en cadea provocada pola urxencia de títulos como *Comebolsas*, *Asco* o *Basura*. O ano pasado compartiron álbum e xira nacional cos tamén coruñeses Nave Nodriza, Parcos en palabras, SraSrSra o que queren é ver o público saltar e berrar até perderlles o respecto por vía do punk. Nin señor nin señora: “Dous pavos da Coruña que tocan movidas guapas”.

The Capaces



Poucas bandas poden presumir de estaren cerca de cumprir 20 anos en primeira liña. The Capaces é unha delas. Fundados en Barcelona en 1998 baixo as premisas do punk, o rock e o hardcore máis salvaxe, os seus primeiros acordes soaban en homenaxe ás súas bandas favoritas (MC5, Stooges, The Saints, Poison Idea, Black Flag...). E así mantivéronse, fieis a eses preceptos. O seu primeiro disco, *Born to Punk*, viu a luz en 2003 e captou por entón a atención dos entendidos do circuíto. Prensa e público demostráronse entusiastas por ver en directo un son tan esmagador. Non decepcionaron e volveron ao ataque co seu seguinte traballo, *Amplified*, de 2005, cuxos irmáns menores, *The Restless Breed* (2007) e *Whatever It Is, I'm Against It!* (2010), souberon apouvir a sede dos seus seguidores coa mesma enerxía e contundencia. Cunha formación composta por Martillo (voz), Cleve (guitarra), Sergi (baixo) e Saúl (batería), The Capaces teñen ás súas costas seis xiras europeas e unha por Estados Unidos. O seu último traballo, *For Good* (2014), permitiulles seguir tocando e provocando unha descarga de *punk'n'roll* en cada escenario que pisan.

FESTIVAL NOROESTE
ESTRELLA GALICIA

NOROESTE POP-ROCK
ESTA PROHIBIDO EL USO DE LATAS
BOTES, BOTELLAS DE VIDRIO O
CUALQUIER OTRO OBJETO QUE LA
ORGANIZACION CONSIDERE
PELIGROSO
Ayuntamiento de
La Coruña